

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

4263 *Real decreto 427/2020, do 3 de marzo, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento das lonxas de produtos agropecuarios como «lonxas de referencia», e das súas asociacións, e se crea o Rexistro nacional de lonxas de referencia e as súas asociacións.*

Con obxecto de mellorar o funcionamento e a vertebración da cadea alimentaria, de incrementar a eficacia e a competitividade do sector agroalimentario español, e de reducir o desequilibrio nas relacións comerciais entre os operadores, promulgouse a Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria.

Esta lei establece, como un dos seus fins específicos, conseguir unha maior transparencia nas relacións comerciais entre os diferentes operadores e mellorar o seu acceso á información. Para isto crea o Observatorio da Cadea Alimentaria, ao cal se lle asignan as funcións de seguimento, asesoramento, consulta, información e estudo do funcionamento da cadea alimentaria e dos prezos dos alimentos.

Por outro lado, o Real decreto 904/2018, do 20 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, encomenda ao dito departamento a realización e coordinación das operacións relativas ás estatísticas agroalimentarias, entre as cales ocupa un lugar destacado a información sobre os prezos dos produtos agrarios en orixe.

As lonxas agropecuarias constitúen unha institución tradicional do noso sector agrario, que desde hai moitos anos contribúe coa súa actividade a mellorar a transparencia nas relacións comerciais nos primeiros elos da cadea de subministración.

As lonxas prestan igualmente un importante servizo ao conxunto dos empresarios agrarios da zona en que se localizan, xa que realizan un destacado labor de elaboración e difusión de información sobre cotizacións e mercados en orixe, que contribúen á transparencia nos intercambios comerciais. Este labor é tamén de interese para o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, xa que, para determinados produtos, a información que proporcionan constitúe unha fonte de datos que se utiliza como contraste ou para a elaboración de informes e análise da situación dos sectores.

Ao longo dos anos, as lonxas fóronse organizando seguindo diferentes formas xurídicas e con distintos modelos de funcionamento, que deron lugar á existencia dunhas 40 lonxas ou mercados en orixe no noso país. A distinta evolución que, no seu desenvolvemento, seguiron as diferentes lonxas está dando lugar a que en ocasións cada lonxa defina as súas propias especificacións dos produtos, polo que as informacións que se subministran poden non ser homoxéneas, o que limita o seu interese, alcance e posibilidades de utilización.

Para contribuír a mellorar o funcionamento das lonxas, á vez que se reforza a súa garantía de transparencia e respecto ás normas da competencia, que inspira o funcionamento das lonxas, considérase necesario crear un sistema de recoñecemento ao cal poderán concorrer todas as lonxas e as súas asociacións que o desexen. Desta forma, preténdese establecer un marco para que as comunidades autónomas ou o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación recoñezan, como lonxas de referencia ou as súas asociacións, aquelas cuxos estatutos e regulamentos garantan a máxima calidade no desenvolvemento das súas funcións e cuxa información se axuste a uns estándares que lles proporcionen a maior fiabilidade e utilidade posible. Igualmente, preténdese propiciar o asociacionismo entre as lonxas co fin de facilitar a consecución dos seus obxectivos.

Desta maneira, créase un rexistro nacional de lonxas de referencia e as súas asociacións, que contribúa a mellorar a información que proporcionen ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para así dispor de datos máis precisos para, entre

outros fins, cumprir coas obrigacións de remisión de información sobre prezos, recollidas no Regulamento de execución (UE) 2017/1185 da Comisión, do 20 de abril de 2017, polo que se establecen as normas de desenvolvemento dos regulamentos (UE) n.º 1307/2013 e (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que respecta á notificación de información e documentos á Comisión e polo que se modifican e derrogan diversos regulamentos da Comisión. Neste sentido, as entidades que mellor proporcionan a información exixida pola citada norma son as lonxas, as cales, polo dito motivo, poden subministrar aquela non exixida pola regulamentación da Unión Europea, pero que resulta de interese para o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

De terse en conta que as lonxas ou mercados que xa proporcionan a información de acordo co Regulamento de execución (UE) 2017/1185 da Comisión, do 20 de abril de 2017, deben acceder á condición de lonxas de referencia, pero isto sempre sen prexuízo de que as que se ocupen de sectores non incluídos na dita norma poidan, así mesmo, acceder a tal condición se cumpren os requisitos deste real decreto. É dicir, o eventual acceso voluntario ao recoñecemento como lonxa de referencia deste real decreto opera como un elemento engadido á consideración de tal lonxa como subministradora de información nos termos de tal regulamento.

De conformidade coa doutrina do Tribunal Constitucional, a xestión centralizada deste rexistro perflase como o medio máis apropiado, pois resulta imposible a avaliación polas comunidades autónomas, se o que se pretende é coñecer e xestionar os datos en cómputo nacional, tendo conta a distribución nacional das ditas lonxas e, especialmente, tendo en conta que se trata dun rexistro non constitutivo senón meramente recompilatorio, en función das lonxas recoñecidas polas comunidades autónomas e comunicadas ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, ou das asociacións destas lonxas recoñecidas polo dito ministerio, sen que neste último caso se poida establecer un punto de conexión para efectos da Administración competente para o citado recoñecemento distinto da Administración xeral do Estado dado que toda asociación comprende lonxas presentes en diversas comunidades autónomas.

Este real decreto observa os principios de boa regulación conforme os cales deben actuar as administracións públicas no exercicio da iniciativa legislativa e a potestade regulamentaria, como son os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para estes efectos, ponse de manifesto o cumprimento dos principios de necesidade e eficacia e que a norma é acorde co principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados, impón as obrigacións indispensables para os destinatarios e, igualmente, axústase ao principio de seguridade xurídica. En canto ao principio de transparencia, na súa elaboración a norma someteuse aos distintos trámites propios da participación pública, isto é, consulta pública e trámites de audiencia e información públicas e, adicionalmente, foron consultadas as comunidades autónomas e entidades representativas dos intereses afectados. Con respecto ao principio de eficiencia, as cargas administrativas incorporadas limitáanse ás necesarias para dar cumprimento á propia esencia da norma. Así mesmo, respecto ao gasto público, cabe sinalar que non é precisa a modificación de ningunha partida orzamentaria e, por tanto, que o impacto orzamentario é nulo.

Esta norma dítase de acordo coa disposición derradeira cuarta da Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria.

Na súa tramitación, esta disposición foi sometida a audiencia e información públicas, a consulta específica ás comunidades autónomas e entidades representativas do sector, e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia emitiu o seu informe.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13ª da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Función Pública, por suplencia o

ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación en virtude do Real decreto 351/2019, do 20 de maio, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de marzo de 2020,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer as condicións e o procedemento para levar a cabo o recoñecemento, como lonxas de referencia e das súas asociacións, daquelas lonxas de produtos agropecuarios que, polo tipo de información que subministran e pola idoneidade e calidade dos procedementos de traballo que utilizan, proporcionen información de interese para mellorar o funcionamento e a transparencia dos mercados en orixe, e para a subministración de datos con fins estatísticos para o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, co obxectivo, entre outros, de dar cumprimento ás obrigacións de remisión de información sobre prezos, recollidas no Regulamento de execución (UE) 2017/1185 da Comisión, do 20 de abril de 2017, polo que se establecen as normas de desenvolvemento dos regulamentos (UE) n.º 1307/2013 e (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta á notificación de información e documentos á Comisión e polo que se modifican e derrogan diversos regulamentos da Comisión.

2. O disposto neste real decreto non se aplicará ás lonxas ou establecementos autorizados polas comunidades autónomas a que se fai referencia no Real decreto 418/2015, do 29 de maio, polo que se regula a primeira venda dos produtos pesqueiros.

3. Para efectos deste real decreto entenderase como 'lonxa de referencia' toda aquela lonxa, mercado en orixe ou mercado de referencia a que se outorgase tal cualificación.

Artigo 2. *Condicións para o recoñecemento como lonxa de referencia.*

1. O recoñecemento de lonxa de referencia levarao a cabo a comunidade autónoma en que radique a súa sede social e inscribírase no Rexistro regulado no artigo 7.

Sen prexuízo do resto de requisitos previstos na normativa da Unión Europea sobre lonxas ou mercados de referencia, o recoñecemento poderá outorgarse á lonxa que así o solicite e cumpra as condicións seguintes:

a) Ter personalidade xurídica propia e exclusiva como lonxa de contratación, e que nos seus estatutos teña como obxecto a constatación de cotizacións, tendencias de prezos ou prezos practicados ou de referencia non vinculantes, de produtos agrícolas ou gandeiros do seu ámbito que estean regulados polos propios estatutos ou regulamentos internos, de acordo coa normativa que lle sexa de aplicación, así como que careza de ánimo de lucro.

b) Dispor duns estatutos que se axusten ás determinacións establecidas no número 2.

c) Funcionar de maneira transparente respecto dos seus membros, e conforme o previsto na normativa de defensa da competencia.

2. Así mesmo, no referente aos produtos para os que solicite o recoñecemento, deberá cumprir as seguintes condicións:

a) Difundir información, de forma agregada preferentemente e, en todo caso, nos termos previstos no Regulamento de execución (UE) 2017/1185 da Comisión, do 20 de abril de 2017, polos medios máis adecuados para que se consiga a maior difusión posible, a agricultores e gandeiros, sobre cotizacións xa practicadas, tendencias de prezos de mercado ou prezos practicados ou de referencia, sempre non vinculantes para as partes, e sen ofrecer orientación sobre tendencias futuras.

b) Obrigar a facilitar información ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e á comunidade autónoma correspondente sobre cotizacións, tendencias de prezos de

mercado, prezos practicados ou de referencia, non vinculantes, que se axuste ao previsto no artigo 6.

3. Para poder ser recoñecida como lonxa de referencia, os estatutos ou norma fundacional da solicitante deberán cumprir as seguintes determinacións:

a) Indicar o ámbito territorial a que estarán referidas cotizacións, tendencias de prezos, ou prezos practicados ou de referencia, non vinculantes, e calquera outra información que se proporcione.

b) Especificar a relación de produtos e tipoloxías sobre os cales se centrará a información que facilite a lonxa, así como da posición comercial a que se refire.

c) Determinar o tipo de socios ou membros que poden formar parte dela.

d) Concretar os fins e funcións que definen o seu obxecto social.

e) Regular as modalidades de adhesión e baixa dos membros que a conforman, garantindo a pertenza a ela de toda empresa que leve a cabo accións de compra ou venda dos produtos agropecuarios sobre os cales traballa a lonxa, e que a súa actividade sexa significativa no seu ámbito territorial.

f) Detallar a súa organización e o funcionamento dos seus órganos, democrático e transparente respecto dos seus membros, en concordancia coa forma xurídica baixo a cal estea establecida.

g) Regular a composición e o funcionamento das xuntas ou comisións de prezos que se establezan, para o que deberán preverse as medidas precisas para garantir unha presenza equilibrada de produtores e de comercializadores, garantir unha representación adecuada dos distintos tipos de operadores, evitar os conflitos de intereses e garantir o cumprimento da normativa de defensa da competencia.

h) Determinar, igualmente, os aspectos relativos ao réxime económico, así como as previsións para a súa disolución e extinción.

Artigo 3. Condicións para o recoñecemento como asociacións de lonxas de referencia.

O recoñecemento como asociación de lonxas de referencia levarao a cabo o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e inscribírase no Rexistro regulado no artigo 7.

O recoñecemento poderá outorgarse á asociación que así o solicite e cumpra as condicións seguintes:

a) Que teña personalidade xurídica propia e exclusiva como asociación de lonxas de referencia de produtos agropecuarios e mercados de referencia, de acordo coa normativa que lle sexa de aplicación, así como que careza de ánimo de lucro.

b) Que garanta o libre asociacionismo das lonxas de referencia inscritas segundo a presente norma.

c) Que realice a representación e defensa dos intereses xerais das lonxas de referencia asociadas.

d) Que represente, ao menos, o vinte por cento das lonxas de referencia inscritas no Rexistro nacional de lonxas de referencia e as súas asociacións, nalgún dos sectores recollidos no anexo I do Regulamento de execución (UE) 2017/1185 da Comisión, do 20 de abril de 2017, así como noutros sectores relevantes non incluídos no dito regulamento que sexan competencia da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e que, ao menos, agrupe oito das ditas lonxas.

e) Que poida auditar o funcionamento das lonxas asociadas.

f) Que o seu funcionamento e as súas normas de actuación sexan transparentes respecto dos seus membros, e conformes co previsto na normativa de defensa da competencia.

g) Que se obrigue a achegar a información prevista no artigo 6.2, en nome dos seus asociados.

h) Que os seus asociados teñan a súa sede en máis dunha comunidade autónoma.

Artigo 4. Solicitud de recoñecemento como lonxa de referencia ou asociación de lonxas de referencia.

1. A solicitude de recoñecemento deberá realizala o representante legal e dirixirse ao órgano competente da comunidade autónoma en que radique a sede social da lonxa ou, no caso das asociacións de lonxas de referencia, á persoa titular da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, conforme o previsto no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a través da sede electrónica do departamento ou polos medios electrónicos previstos no artigo 16 da dita lei, para o que deberá cubrir o modelo correspondente dispoñible na dita sede.

2. Á solicitude deberase xuntar, ao menos, a seguinte documentación:

a) Acta fundacional da lonxa de produtos agropecuarios, ou asociación, e documentación acreditativa do seu recoñecemento como lonxa ou asociación, de acordo coa normativa que lle sexa aplicable.

b) Relación actualizada de todos os socios que a integran.

c) Estatutos ou disposicións reguladoras da entidade solicitante.

Cando se advirtan defectos na solicitude ou na documentación que se xunta, o interesado será requirido para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se considerará desistido da súa petición, logo da correspondente resolución, de conformidade co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 outubro.

Artigo 5. Resolución de recoñecemento.

1. Á vista da documentación presentada, o órgano competente da comunidade autónoma ou a persoa titular da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios ditará resolución motivada e notificaráa no prazo máximo de seis meses; transcorrido o dito prazo sen que ditase e notificase resolución expresa, poderá entenderse estimada a solicitude, salvo que, cando a competencia recaia nas comunidades autónomas, o prazo para resolver ou o sentido do silencio sexa outro.

2. A resolución estimatoria determinará a inscrición de oficio no Rexistro nacional de lonxas de referencia e as súas asociacións, previsto no artigo 7. Para estes efectos, cando se trata de lonxas de referencia, a comunidade autónoma de que se trate comunicará á persoa titular da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios o acto de recoñecemento como lonxa de referencia no prazo máximo dun mes desde a data da resolución.

3. Cando a competencia sexa do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, contra a citada resolución, que non porá fin á vía administrativa, poderá interperse recurso de alzada ante a persoa titular da Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación no prazo dun mes desde a súa notificación, de acordo co disposto no artigo 121 e seguinte da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. O incumprimento sobrevido dalgún dos requisitos exixidos nesta norma para o recoñecemento das lonxas de referencia ou as súas asociacións, ou de calquera das obrigacións previstas no artigo 6 comportará a retirada do dito recoñecemento e a baixa no Rexistro previsto no artigo 7.

Artigo 6. Obrigacións das lonxas de referencia e as súas asociacións.

1. Para efectos de actualización do Rexistro, as lonxas de referencia ou as súas asociacións recoñecidas deberán presentar anualmente, no momento do peche do seu exercicio económico, a seguinte documentación ante a Administración que outorgou o recoñecemento:

a) Relación de socios que integran a lonxa de referencia ou asociación.

b) Memoria económica e social anual.

c) Comunicación de toda modificación que afecte o recoñecemento.

2. As lonxas ou as súas asociacións, recoñecidas conforme este real decreto, deberán proporcionar informacións sobre cotizacións, tendencias de prezos de mercado, ou prezos de referencia, do ámbito de que se trate, non vinculantes, ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que cumpran os seguintes requisitos:

a) As informacións deberán ser representativas do ámbito de que se trate. Deberá xuntarse á dita información unha referencia sobre os prezos e cantidades que foron utilizados para o cálculo das citadas informacións.

b) Para cada produto, tipoloxía, variedade, categoría/calibre, a información deberá incluír a súa posición comercial.

c) As informacións subministraranse coa periodicidade establecida en cada caso polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para, entre outros fins, dar cumprimento aos prazos previstos na normativa da Unión Europea.

d) Nos casos previstos no Regulamento de execución (UE) 2017/1185 da Comisión, do 20 de abril de 2017, a información sobre os prezos e a metodoloxía será a establecida nel, en especial nos seus anexos, ou nas normas ditadas para a súa aplicación en España.

Artigo 7. *Rexistro nacional de lonxas de referencia e as súas asociacións.*

1. Créase o Rexistro nacional de lonxas de referencia e as súas asociacións, adscrito á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. Ao Rexistro terán acceso as comunidades autónomas, que efectuarán a inscrición daquelas lonxas de referencia que recoñezan como tales segundo o disposto no artigo 2. A inscrición das asociacións de lonxas efectuaráa o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, segundo o disposto no artigo 3.

3. Este rexistro será público e informativo, sen prexuízo, se for o caso, da debida protección dos datos de carácter persoal de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

4. No Rexistro constarán os datos referentes ás lonxas ou ás súas asociacións, os produtos para os cales están recoñecidas e os seus datos de contacto, así como a súa sede social.

5. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en colaboración coas comunidades autónomas, actualizará os protocolos técnicos necesarios para o correcto funcionamento das aplicacións informáticas.

Artigo 8. *Suspensión, modificación e baixa no Rexistro.*

1. A modificación dos datos contidos no Rexistro será por instancia do interesado, e a suspensión ou baixa no Rexistro e extinción do recoñecemento poderá ter lugar de oficio ou por instancia do interesado, ou segundo o previsto nos números 3 e 4.

2. Os interesados deberán instar a modificación de calquera acto inscrito que non se adecúe á realidade, no prazo dun mes desde que esta se producise, e indicar a nova situación, debidamente acompañada da documentación acreditativa para a súa incorporación ao arquivo, ante o órgano que efectuou a inscrición da comunidade autónoma en que radique a sede social da lonxa ou ante o director xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no caso das asociacións e mercados de referencia.

3. Sen prexuízo do previsto no artigo 5.4, causarase baixa no Rexistro, logo de extinción do seu recoñecemento, por vontade expresa, por disolución ou por liquidación das lonxas de referencia ou das súas asociacións, ou por ter ditado resolución sancionadora firme en vía administrativa a autoridade competente en materia de defensa da competencia ou de hixiene por falta grave ou moi grave sobre a lonxa de referencia ou a asociación de que se trate.

Nestes casos, a Administración competente procederá de oficio, logo de apercibimento, á baixa no Rexistro daquelas lonxas ou asociacións que incumpran os requisitos correspondentes ou fosen sancionadas. No prazo de tres meses desde a notificación do

apercibimento e logo de audiencia dos interesados, ditará resolución motivada. Se no dito prazo non se dita e notifica a mencionada resolución, producirase a caducidade do procedemento.

Cando a competencia recaia no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, contra esta resolución poderá interperse recurso de alzada ante a persoa titular da Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación no prazo dun mes, de acordo co disposto no artigo 121 e seguinte da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. Igualmente, a autoridade competente poderá declarar, como medida cautelar, a suspensión dos efectos da inscrición no Rexistro da lonxa de referencia ou da asociación de que se trate, en caso de ter ditado resolución sancionadora firme en vía administrativa a autoridade competente en materia de defensa da competencia ou de hixiene.

Artigo 9. *Beneficios derivados do recoñecemento.*

1. As lonxas de produtos agropecuarios, ou as súas asociacións, inscritas no Rexistro poderán utilizar nas súas comunicacións a mención de «Lonxa de referencia» ou «Asociación de lonxas de referencia». As citadas lonxas ou as súas asociacións serán tidas en conta para os efectos do Regulamento de execución (UE) 2017/1185 da Comisión, do 20 de abril de 2017.

2. A inscrición no Rexistro terase en conta na normativa reguladora das axudas e subvencións que, en relación coa subministración de datos con fins estatísticos de cotizacións, tendencias de prezos de mercado ou prezos de referencia non vinculantes de produtos agropecuarios, promova o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación dará a coñecer aos operadores agroalimentarios, no marco do Observatorio da Cadea Alimentaria, a importancia e significación da inscrición no Rexistro por parte das lonxas de produtos agropecuarios ou as súas asociacións.

Disposición adicional única. *Non incremento de gasto.*

O disposto neste real decreto non suporá incremento de dotacións, retribucións ou outros gastos de persoal.

Así mesmo, a creación e o funcionamento do Rexistro previsto no artigo 7 serán atendidos cos medios persoais e materiais existentes na Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13ª da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para que, no ámbito das súas competencias, proceda ao desenvolvemento do presente real decreto e, en especial, no que concirne a modelos de información e ás súas canles de transmisión.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o 1 de xullo de 2020.

Dado en Madrid o 3 de marzo de 2020.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
LUIS PLANAS PUCHADES